



Carta de Cidades Educadoras

As cidades con representación no Primeiro Congreso Internacional de Cidades Educadoras, celebrado en Barcelona en 1990, recolleron na Carta inicial os principios básicos para o impulso educativo da cidade. Partían do convencemento de que o desenvolvemento dos seus habitantes non pode deixarse ao azar. A Carta foi revisada no II Congreso Internacional (Bolonia, 1994) e no VIII Congreso (Xénova, 2004) para adaptar as súas formulacións aos novos retos e necesidades sociais. A presente Carta fundaméntase na Declaración Universal de Dereitos Humanos (1948); no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais (1966); na Convención sobre os Dereitos da Infancia (1989); na Declaración Mundial sobre Educación para Todos (1990) e na Declaración Universal sobre a Diversidade Cultural (2001).

PREÁMBULO

Hoxe máis que nunca a cidade, grande ou pequena, dispón de incontables posibilidades educadoras, pero tamén poden incidir nela forzas e inercias deseducadoras. Dunha forma ou outra, a cidade presenta elementos importantes para unha formación integral: é un sistema complexo e á vez un axente educativo permanente, plural e poliédrico, capaz de contrarrestar os factores deseducativos.

A cidade educadora ten personalidade propia, integrada no país onde se sitúa. A súa identidade é, xa que logo, interdependiente coa do territorio do que forma parte. É, tamén, unha cidade que se relaciona coa súa contorna; outros núcleos urbanos do seu



territorio e cidades doutros países. O seu obxectivo constante será aprender, intercambiar, compartir e, polo tanto, enriquecer a vida dos seus habitantes.

A cidade educadora ha de exercitar e desenvolver esta función paralelamente ás tradicionais (económica, social, política e de prestación de servizos), coa mirada posta na formación, promoción e desenvolvemento de todos os seus habitantes. Atenderá prioritariamente aos nenos e novos, pero con vontade decidida de incorporación de persoas de todas as idades á formación ao longo da vida. As razóns que xustifican esta función son de orde social, económico e político; orientadas, sobre todo, a un proxecto cultural e formativo eficiente e convivencial. Estes son os grandes retos do século XXI: en primeiro lugar, "investir" na educación, en cada persoa, de maneira que esta sexa cada vez máis capaz de expresar, afirmar e desenvolver o seu propio potencial humano, coa súa singularidade, creatividade e responsabilidade. En segundo lugar, promover condicións de plena igualdade para que todos se poidan sentir respectados e ser respectuosos, capaces de diálogo. E, en terceiro lugar, conxugar todos os factores posibles para que poida construírse, cidade a cidade, unha verdadeira sociedade do coñecemento sen exclusións, para o que hai que prever, entre outras necesidades, un acceso fácil de toda a poboación ás tecnoloxías da información e das comunicacións que permiten o seu desenvolvemento.

As cidades educadoras coas súas institucións educativas formais e as súas intervencións non formais (con intencionalidade educativa fóra da educación regulada) e informais (non intencionais nin planificadas) colaborarán, bilateral ou multilateralmente, para facer realidade o intercambio de experiencias. Con espírito de cooperación, apoiarán mutuamente os proxectos de estudo e investimento, ben en forma de cooperación directa, ben colaborando con organismos internacionais.

A humanidade non está vivindo só unha etapa de cambios, senón un verdadeiro cambio de etapa. As persoas deben formarse para a súa adaptación crítica e participación activa nos retos e posibilidades que se abren coa globalización dos procesos económicos e sociais; para a súa intervención desde o mundo local na complexidade mundial, e para manter a súa autonomía ante unha información desbordante e controlada desde centros de poder económico e político. Por outra banda, o neno e o mozo deixaron de ser protagonistas pasivos da vida social e, polo tanto, da cidade. A Convención das Nacións Unidas do 20 de novembro de 1989, que desenvolve e considera vinculantes os principios da Declaración Universal de 1959, converteunos en cidadáns e cidadás de pleno dereito ao outorgarlles dereitos civís e políticos. Poden, xa que logo, asociarse e participar segundo o seu grao de madurez.

A protección do neno e do mozo na cidade non consiste só en privilexiar a súa condición. Importa ademais achar o lugar que en realidade lles corresponde xunto a unhas persoas adultas que posúan como virtude cidadá a satisfacción que debe presidir a convivencia entre xeracións. Nenos e adultos aparecen, a principios do século XXI, necesitados por igual dunha educación ao longo da vida, dunha formación sempre renovada.



A cidadanía global vaise configurando sen que exista aínda un espazo global democrático, sen que moitos países acaden unha democracia efectiva e á vez respectuosa cos seus xenuínos patróns sociais e culturais e sen que as democracias con maior tradición poidan sentirse satisfeitas coa calidade dos seus sistemas.

En tal contexto, as cidades de todos os países deben actuar, desde a súa dimensión local, como plataformas de experimentación e consolidación dunha cidadanía democrática plena, promotoras dunha convivencia pacífica mediante a formación en valores éticos e cívicos, o respecto á pluralidade das diversas formas posibles de goberno e o estímulo duns mecanismos representativos e participativos de calidade.

A diversidade é inherente ás cidades actuais e prevese un incremento aínda maior no futuro. Por iso, un dos retos da cidade educadora é promover o equilibrio e a harmonía entre identidade e diversidade, tendo en conta as achegas das comunidades que a integran e o dereito de todos os que nela conviven a sentirse recoñecidos desde a súa propia identidade cultural.

Vivimos nun mundo de incerteza que privilexia a procura de seguridade, que a miúdo se expresa como negación do outro e desconfianza mutua. A cidade educadora, consciente diso, non busca solucións unilaterais simples; acepta a contradicción e propón procesos de coñecemento, diálogo e participación como o camiño idóneo para convivir en e coa incerteza.

Afírmase pois, o dereito á cidade educadora, que debe entenderse como unha extensión efectiva do dereito fundamental á educación. Debe producirse unha verdadeira fusión, na etapa educativa formal e na vida adulta, dos recursos e a potencia formativa da cidade co desenvolvemento ordinario do sistema educativo, laboral e social.

O dereito á cidade educadora debe ser unha garantía relevante dos principios de igualdade entre todas as persoas, de xustiza social e de equilibrio territorial. Iso acentúa a responsabilidade dos gobernos locais no sentido de desenvolver todas as potencialidades educativas que alberga a cidade, incorporando ao seu proxecto político os principios da cidade educadora.

PRINCIPIOS

I.- O DEREITO Á CIDADE EDUCADORA

1. Todos os habitantes dunha cidade terán o dereito a gozar, en condicións de liberdade e igualdade, dos medios e oportunidades de formación, entretemento e desenvolvemento persoal que a mesma ofrece. O dereito á cidade educadora propónse

como unha extensión do dereito fundamental de todas as persoas á educación. A cidade educadora renova permanentemente o seu compromiso coa formación dos seus habitantes ao longo da vida nos máis diversos aspectos. E para que iso sexa posible, deberá ter en conta todos os grupos, coas súas necesidades particulares.

Na planificación e goberno da cidade tomaranse as medidas necesarias encamiñadas a suprimir os obstáculos de calquera tipo, incluídas as barreiras físicas, que impidan o exercicio do dereito á igualdade. Serán responsables diso tanto a administración municipal como outras administracións que incidan na cidade; e estarán tamén comprometidos nesta empresa os propios habitantes, tanto a nivel persoal como a través das distintas formas de asociación ás que pertencen.

2. A cidade promoverá a educación na diversidade, para a comprensión, a cooperación solidaria internacional e a paz no mundo. Unha educación que combata calquera forma de discriminación. Favorecerá a liberdade de expresión, a diversidade cultural e o diálogo en condicións de igualdade. Acolle tanto as iniciativas de vangarda como as de cultura popular, independentemente da súa orixe. Contribuirá a corrixir as desigualdades que xurdan na promoción cultural producidas por criterios exclusivamente mercantís.

3. Unha cidade educadora fomentará o diálogo entre xeracións, non só como fórmula de convivencia pacífica, senón como procura de proxectos comúns e compartidos entre grupos de persoas de idades distintas. Estes proxectos deberían orientarse á realización de iniciativas e accións cívicas cuxo valor consista precisamente no seu carácter interxeneracional e no aproveitamento das respectivas capacidades e valores propios das distintas idades.

4. As políticas municipais de carácter educativo entenderanse sempre referidas a un contexto máis amplo inspirado nos principios da xustiza social, o civismo democrático, a calidade de vida e a promoción dos seus habitantes.

5. As municipalidades exercerán con eficacia as competencias que lles correspondan en materia de educación. Sexa cal for o alcance destas competencias, deberán expor unha política educativa ampla, de carácter transversal e innovador, incluíndo nela todas as modalidades de educación formal, non formal e informal e as diversas manifestacións culturais, fontes de información e vías de descubrimento da realidade que se produzan na cidade. O papel da administración municipal é establecer as políticas locais que se revelen posibles e avaliar a súa eficacia; ademais de obter os pronunciamentos legislativos oportunos doutras administracións, estatais ou rexionais.

6. Co fin de levar a cabo unha actuación adecuada, as persoas responsables da política municipal dunha cidade deberán ter información precisa sobre a situación e necesidades dos seus habitantes. Neste sentido realizarán estudos, que manterán actualizados e farán públicos, e establecerán canles permanentes abertos a individuos e colectivos que permitan formular propostas concretas e de política xeral. Así mesmo,

o municipio no proceso de toma de decisións en calquera dos ámbitos da súa responsabilidade, terá en conta o impacto educativo e formativo das mesmas.

2.- O COMPROMISO DA CIDADE

7. A cidade ha de saber atopar, preservar e presentar a súa propia e complexa identidade. Iso faraa única e será a base para un diálogo fecundo no seu interior e con outras cidades. A valoración dos seus costumes e das súas orixes ha de ser compatible coas formas de vida internacionais. Deste xeito poderá ofrecer unha imaxe atractiva sen desvirtuar a súa contorna natural e social.

Á súa vez, promoverá o coñecemento, aprendizaxe e uso das linguas presentes na cidade como elemento integrador e factor de cohesión entre as persoas.

8. A transformación e o crecemento dunha cidade deberán estar presididos pola harmonía entre as novas necesidades e a perpetuación de construcións e símbolos que constitúan claros referentes do seu pasado e da súa existencia.

A planificación urbana deberá ter en conta o gran impacto da contorna urbana no desenvolvemento de todos os individuos, na integración das súas aspiracións persoais e sociais e deberá actuar contra a segregación de xeracións e de persoas de diferentes culturas, as cales teñen moito que aprender unhas doutras.

A ordenación do espazo físico urbano atenderá as necesidades de accesibilidade, encontro, relación, xogo e esparexemento e un maior achegamento á natureza. A cidade educadora outorgará un coidado especial ás necesidades das persoas con dependencia, na súa planificación urbanística, de equipamentos e servizos, co fin de garantirlles unha contorna amable e respectuosa coas limitacións que poidan presentar, sen que haxan de renunciar á máxima autonomía posible.

9. A cidade educadora fomentará a participación cidadá desde unha perspectiva crítica e corresponsable. Para iso, o goberno local facilitará a información necesaria e promoverá, desde a transversalidade, orientacións e actividades de formación en valores éticos e cívicos.

Estimulará, ao mesmo tempo, a participación cidadá no proxecto colectivo a partir das institucións e organizacións civís e sociais, tomando en consideración as iniciativas privadas e outras formas de participación espontánea.

10. O goberno municipal deberá dotar á cidade dos espazos, equipamentos e servizos públicos adecuados ao desenvolvemento persoal, social, moral e cultural de todos os seus habitantes, con especial atención á infancia e a mocidade.

11. A cidade deberá garantir a calidade de vida de todos os seus habitantes. Iso supón o equilibrio coa contorna natural, o dereito a un medio ambiente saudable, ademais do dereito á vivenda, ao traballo, ao esparexemento e ao transporte público, entre outros.

Á súa vez, promoverá activamente a educación para a saúde e a participación de todos os seus habitantes en boas prácticas de desenvolvemento sostible.

12. O proxecto educativo explícito e o implícito na estrutura e o réxime da cidade, os valores que esta fomente, a calidade de vida que ofrezca, as celebracións que organice, as campañas ou proxectos de calquera tipo que prepare, serán obxecto de reflexión e participación, cos instrumentos necesarios que axuden ás persoas a crecer persoal e colectivamente.

3.- Ao SERVIZO INTEGRAL DAS PERSOAS

13. A municipalidade avaliará o impacto daquelas propostas culturais, recreativas, informativas, publicitarias ou doutro tipo e das realidades que nenos e mozos reciben sen mediación algunha. Chegado o caso, emprenderá sen dirixismos accións que dean lugar a unha explicación ou a unha interpretación razoables. Procurará que se estableza un equilibrio entre a necesidade de protección e a autonomía para o descubrimento. Proporcionará, así mesmo, ámbitos de formación e debate, incluíndo o intercambio entre cidades, co fin de que todos os seus habitantes poidan asumir plenamente as novidades que estas xeran.

14. A cidade procurará que as familias reciban a formación que lles permita axudar aos seus fillos a medrar e a apreender a cidade, dentro do espírito de respecto mutuo. Neste mesmo sentido desenvolverá propostas de formación para os educadores en xeral e para as persoas (particulares ou persoal de servizos públicos) que na cidade cumpren, a miúdo sen ser conscientes diso, funcións educativas. Ocuparase, así mesmo, de que os corpos de seguridade e de protección civil que dependen directamente do municipio actúen conforme a devanditas propostas.

15. A cidade deberá ofrecer aos seus habitantes a perspectiva de ocupar un posto na sociedade; facilitaralles o asesoramento necesario para a súa orientación persoal e vocacional e posibilitará a súa participación en actividades sociais. No terreo específico da relación educación-traballo é importante sinalar a estreita relación que deberá existir entre a planificación educativa e as necesidades do mercado de traballo.

Neste sentido, as cidades definirán estratexias de formación que teñan en conta a demanda social e cooperarán coas organizacións sindicais e empresariais na creación de postos de traballo e en actividades formativas de carácter formal e non formal, ao longo da vida.

16. As cidades deberán ser conscientes dos mecanismos de exclusión e marxinación que lles afectan e das modalidades que revisten, e desenvolverán as políticas de acción afirmativa necesarias. En especial, atenderán ás persoas recentemente chegadas, inmigrantes ou refuxiados, que teñen dereito a sentir con liberdade a cidade como propia. Dedicarán esforzos a fomentar a cohesión social entre os barrios e os seus habitantes de toda condición.

17. As intervencións encamiñadas a resolver as desigualdades poden adquirir formas múltiples, pero deberán partir dunha visión global da persoa, configurada polos intereses de cada unha delas e polo conxunto de dereitos que incumben a todos. Calquera intervención significativa ha de garantir a coordinación entre as administracións implicadas e os seus servizos. Fomentárase tamén a cooperación das administracións coa sociedade civil libre e democraticamente organizada en institucións do chamado terceiro sector, organizacións non gobernamentais e asociacións análogas.

18. A cidade estimulará o asociacionismo como forma de participación e corresponsabilidade cívica, a fin de canalizar actuacións ao servizo da comunidade e obter e difundir información, materiais e ideas para o desenvolvemento social, moral e cultural das persoas. Á súa vez, contribuirá na formación para a participación nos procesos de toma de decisións, de planificación e de xestión que a vida asociativa leva.

19. O municipio deberá garantir información suficiente e comprensible e incentivar aos seus habitantes a informarse. Considerando o valor que supón seleccionar, comprender e tratar o gran caudal de información actualmente dispoñible, a cidade educadora facilitará recursos que estean ao alcance de todos. O municipio identificará os colectivos que precisen dunha atención singularizada, e porá á súa disposición puntos especializados de información, orientación e acompañamento.

Á súa vez, establecerá programas formativos en tecnoloxías da información e as comunicacións para todas as idades e grupos sociais coa finalidade de combater novas formas de exclusión.

20. A cidade educadora deberá ofrecer a todos os seus habitantes, como obxectivo crecentemente necesario para a comunidade, formación en valores e prácticas de cidadanía democrática: o respecto, a tolerancia, a participación, a responsabilidade e o interese polo público, polos seus programas, os seus bens e os seus servizos.

Esta Carta expresa o compromiso das cidades que a subscriben con todos os valores e principios que nela se manifestaron. Defínese como aberta á súa propia reforma e deberá ser ampliada cos aspectos que a rápida evolución social requira no futuro.